

Xoves 19 de maio de 2022

Estimadas familias

Nos vindeiros días e semanas están previstas actividades culturais e complementarias dentro do horario lectivo e outras fóra tamén do horario lectivo, como é o caso dalgunha viaxe fin de curso. Lembramos a importancia de que o alumnado participe nas actividades organizadas xa que estas forman parte do proceso de aprendizaxe e supoñen unha aportación necesaria para a adquisición das competencias básicas fóra da aula, así como un estímulo das relacións sociais, de grupo e do alumnado coa súa contorna social, natural e cultural.

Despois de moito tempo limitados pola pandemia ou polos protocolos sanitarios a non ter a posibilidade de realizar este tipo de actividades, é de vital importancia voltar de novo á normalidade educativa, valorando, animando e potenciando sempre a participación activa do alumnado. Por outro lado, lembramos **a obriga da asistencia a clase no caso de non participaren nas actividades sinaladas.**

Un cordial saúdo

Equipo Directivo

